

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas, en materia de formación profesional dual.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don _____, en nome e representación da empresa Automoción Pérez Rumbao, S.L.U., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra don _____, en nome e representación da empresa Automóviles Pérez Rumbao, S.A., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que o día 7 de xuño de dous mil dezaioito asinouse o Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Automóviles y Recambios de la Grela, S.A.; Finisterre Motor, S.L.; Huypersa Vigo, S.L.U.; Inturasa-Pérez Rumbao, S.A.; Algupibe, S.L.; Báltico Automoción Pérez Rumbao, S.A.; Zina Móvil, S.L.; Coper, S.A.; Bétula Cars, S.L. (Santiago de Compostela) e Bétula Cars, S.L. (Ourense), para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

2º. Que o obxecto deste convenio é establecer a participación das empresas Automoción Pérez Rumbao, S.L.U. e Automóviles Pérez Rumbao, S.A., no anterior convenio.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Que as empresas Automoción Pérez Rumbao, S.L.U. e Automóviles Pérez Rumbao, S.A., aceptan as condicións e as cláusulas establecidas no convenio asinado o día 7 de xuño de 2018 entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Automóviles y Recambios de la Grela, S.A.; Finisterre Motor, S.L.; Huypersa Vigo, S.L.U.; Inturasa-Pérez Rumbao, S.A.; Algupibe, S.L.; Báltico Automoción Pérez Rumbao, S.A.; Zina Móvil, S.L.; Coper, S.A.; Bétula Cars, S.L. (Santiago de Compostela) e Bétula Cars, S.L. (Ourense), para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Segunda. As empresas Automoción Pérez Rumbao, S.L.U. e Automóviles Pérez Rumbao, S.A., comprométense a acoller nas súas instalacións a 1 alumno ou alumna cada unha.

Terceira. Amplíase a comisión de seguimento, control e supervisión, establecida no convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas Automóviles y Recambios de la Grela, S.A.; Finisterre Motor, S.L.; Huypersa Vigo, S.L.U.; Inturasa-Pérez Rumbao, S.A.; Algupibe, S.L.; Báltico Automoción Pérez Rumbao, S.A.; Zina Móvil, S.L.; Coper, S.A.; Bétula Cars, S.L. (Santiago de Compostela) e Bétula Cars, S.L. (Ourense) para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas, cunha persoa representante da empresa Automóviles Pérez Rumbao, S.A. e outra persoa representante da empresa empresa Automoción Pérez Rumbao, S.L.U.

Cuarta. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Quinta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Asdo.: Carmen Pomar Tojo

O representante da empresa Automoción

Pérez Rumbao, S.L.U.

O representante da empresa Automóviles

Pérez Rumbao, S.A.,

Asdo.: _____

Asdo.: _____